

## Manuel FORCADELA

### Fotos de familia

#### I. Carta á nai no día de defuntos

Na lenta progresión das rodas deste século,  
Xa van alá seis anos que foi que te deixaches  
Levar polas correntes da tristeza,  
Furtar pola crecida e o regueiro  
Da coita e da amargura, da dor e a pesadume,  
Deposta emperatriz e neve derretida,  
Camelia vermella do Miño.

Eu sei que tiñas tempo de durar  
E ollar crecer aínda  
O breve pomariño que plantamos  
Na estrema do quinteiro.  
Tamén que devecías  
Por ver o que se esconde  
Na banda escura dos espellos.

Sabía desde a morte de meu pai  
Que a vida era máis dura para ti,  
Máis ríspida e severa,  
Máis cruel e insoportable,  
E todo o que fixemos para terte  
Feliz sobre este mundo  
Levaba desde o inicio o selo do fracaso.

As úlceras da guerra xamais te abandonaron  
E tiñas na lembranza a crueldade,  
A furia e a barbarie.  
Que mal fixeras ti, oh nena dos xasmíns,  
Rapariga que canta.

Mais, sexa como fose, o certo é que embarcaches  
No buque máis escuro, na góndola do olvido,  
Na lancha que se afunde no mar do esquecemento,  
Deixándonos o alivio dun tránsito moi doce.  
Un ermo desleixado foi o mundo desde entón.

E, Chelo, podes crerme se digo que cos días  
Notamos máis o frío e o baleiro,  
Este áspero rigor desapacible que abrolla da túa falta  
E deita polas horas,  
Este seco e desabrido borboriño

Da sombra a propagar  
A noite sobre o mundo.

Despois de que partises e xusto aos doce meses  
Sufrín os arrebatos da doenza  
E foi o malestar e a enfermidade  
Quen puxo no meu corpo derramado  
O cólico da morte.  
Tratáronme doutores, viñeron sabios vellos,  
E foron concluindo que debía  
Repor o que estragara.  
E a catro de novembro do ano dous mil nove  
Abriron o meu peito e rescataron,  
Mancado, o corazón, ferido de vivir,  
Despois de cinco décadas batendo.

Dos netos non hai queixa.  
Da casa nada novo.  
O río segue impondo, espello do ceo gris,  
A cor emborrallada das tardes que se nubran.  
En pé segue o canizo e a ameixeira.  
En pé os xapoeiros, as árbores, a viña.  
Moncho, o do tractor, roza a herba a cada pouco.  
E os montes non encontran quen os queira.  
Por sorte non arderon nestes anos.

Na campa onde repousas hai flores para ti  
Que Rosa ou Carme poñen cando acordan  
E estás no teu lugar, moi perto de María,  
De Adriana, de Manuel, de Aurelio e máis da xente  
Que en tempos habitaba a nosa aldea.

Un mundo que fervía descansa agora alí.  
As fotos en que asoman o que foron  
Desvelan unha idade que se foi,  
Deitada no sepulcro e na lembranza.  
Novembro segue a ser o mes do esquecemento  
E pouco ocorre nel que nos mereza  
O premio da memoria.

É tarde e non parece  
Que a noite traia hoxe  
Ningún outro martirio  
Que poidas acalmar.

## II. León Fernández Díaz

O meu avó León, o pai de meu pai,  
Chegou ao Baixo Miño procedente  
De Belvís de la Jara, provincia de Toledo,  
Alá polos inicios do século pasado.  
Era garda de fronteiras e encontrou o seu destino  
Percorrendo aquelas marxes  
Entre Amorín e Camposancos.  
Casou en segundas nupcias con Carme  
Carrera Vicente, miña avoa,  
E tivo máis tres fillos que engadir  
Aos dous orfos que o seguiran xa medrados.  
Falaba a fermosura de idioma que se fala  
Nos campos da Mancha  
E nos bazares de Turquía.  
E tiña un non sei que de sefardí  
Nas améndoas dos ollos e no mármore da fronte.  
Defendeu as luces da República na entrada de Tui  
Cando o século virou no verán do trinta e seis.  
E foi lixeiro na fuxida  
Evitando que o prendesen.  
Perdeu dous dedos dunha man,  
O anular e o maimiño,  
Manexando unha granada que gardara,  
Algúns anos despois.  
Era austero e solitario e foi áxil até a morte.  
Carretaba unha existencia moi dura e encontrou  
O acougo xunto ao río,  
Como todos os miñotos.  
Non recordo moito del.  
Os cigarros que compuña,  
O aroma elemental do xabón da posguerra.  
Lembro, si, que o vin morrer  
Unha tarde de agonía a mediados dos sesenta  
Cando os Beatles xa soaban pola radio.  
Varias horas contemplando o seu rostro enfebreado,  
O pesar do seu tormento.  
Inda agora sinto a culpa  
Da miña propia impotencia.

### III. Aquel señor maior

Era o tempo vello aquel  
 En que o mundo acontecía  
 Á procura dun relato.  
 Ese tempo que adurmiña na conciencia  
 Desde hai corenta anos.  
 Un home camiñaba afundido no gabán  
 No sopor da sobremesa.  
 Nunca ollaba para min.  
 Aquel señor maior.  
 Desde a altura dos seus vidros  
 Cobizaba unha distancia  
 Sobre as árbores da tarde,  
 Máis ou menos o lugar en que asoman as copas  
 Dos castiñeiros de Indias.  
 Eran aves o que ollaba, orfeóns de piadores,  
 Acrobáticos cantantes contra o fondo azul da primavera.  
 Pode ser que nelas vise unha flor μελαγχολία  
 Mentres barcos fondeaban polas illas da linguaxe.  
 E nunca ollaba para min.  
 Aquel señor maior.  
 Ou pode ser que despregase unha túnica de soños,  
 Un rosario de bandeiras derrotadas.  
 Desde a altura da tarde  
 Sobre as árbores de vidro.  
 Era Álvaro Cunqueiro.  
 E unha manda de estorniños.

### IV. De Manuel, o carpinteiro

Que máis contar de min se case non sei nada.  
 Deixei que a vida fose un vento que acariña  
 O corpo entre os salgueiros.  
 E fun polos países disposto a contemplar.  
 Non tiveren máis victoria que un par de noites doces  
 No leito da raíz da eternidade.  
 E gardo as cicatrices dos lobos e das aguías.  
 Vou vello e levo enriba o cólico das fontes.  
 Hai ríos que me torcen a ollada cando paso  
 E nubes que alixeiran o voo para esquecer  
 Que existo ou que respiro.  
 Eu mesmo non conservo  
 Recordos especiais  
 Nin nada que me dea  
 Valor entre os humanos.

Son torpe e sinto o peso  
Das sombras e dos soños.  
Regreso algunhas veces ao espazo en que xurdín.  
Camiño no silencio dos misterios  
E sento entre o ruído da memoria.  
As cousas xa non son como noutrora.  
Descubro que o que foi xa non está.  
E só perdura en min  
O tacto destas pedras, o arrecendo  
Do mar que se percibe cara ao fondo do río.  
Non son máis que o sobriño  
de Manuel, o carpinteiro.

### **V. O espírito da historia**

Ben lembro que aquel día, ás nove da mañá,  
Tiñamos unha clase con Ferrín:  
Literatura Universal.  
E lembro que, feliz, entrou na aula e puxo  
De exercicio unha lectura sobre Homero.  
O nacemento da épica en Grecia.  
Que, aos poucos, nos contaba  
Que houbera unha revolta en Portugal.  
E que, finalmente, rematara a ditadura.  
Vintecinco de abril de mil novecentos setenta e catro.  
Sexto curso de bacharelato.  
Con quince anos todos.  
Gardo con viveza esas imaxes  
Porque foi unha das poucas  
Veces en que puideron  
Percibir con claridade  
O concepto hegeliano  
Do espírito da historia.

### **VI. Ana, digo Ofelia**

Foi no lustro en que o xasmín florecía xunto á casa  
E espallaba a súa luxuria polos círculos da brisa  
E eu quería esvaecerme por debaixo das túas pálpebras.  
O tempo andaba cheo de rodas e de naves,  
De xanelas e campás, e de espiñas e de pranto,  
E a noite florecía como unha pedra con espuma.  
As estatuas que xacían polo fondo do xardín  
Arrastraban unha cólera sen cura,

Balorentas polos séculos de chuva e humidade.  
 E eu baixaba desde a torre catro tardes por semana.  
 O resto desas horas empregábo na lectura  
 Dunha vella enciclopedia malescrita polos monxes  
 Nun idioma que esquecín.  
 E, se a tarde viña escura e batían no cristal  
 Pingas grosas e frías,  
 Entregábame á bebida, o cánamo ou a música.  
 Foron meses e máis meses sen que houbera unha visita.  
 E medíanse as xornadas polo voo das sinfonías no pick-up.  
 As flores que murcharon,  
 Os libros derramados,  
 As fotos amarelas dos amores esquecidos,  
 O viño a espaxarse sobre o sirgo da roupa,  
 A cor bronceada dos brazos e dos lombos.  
 O tálamo sen orde ou equilibrio.  
 E unha obriga de silencio  
 Para que ninguén oíse.  
 Ofelia.

## VII. Arte de contar

Seica era analfabeta.  
 Mais lembro tela oído verter libros enteiros.  
 E poucos coma ela na arte de contar.  
 Notábase no xeito de abrir e de romper  
 O voo da melodía, no momento  
 De erguer acompañadas  
 As mans para despois  
 Deixalas repousar por un instante;  
 Na forma en que se unían  
 As frases coa anterior e a sucesiva,  
 Igual que os episodios;  
 Tamén no preguiceiro do ritmo do relato,  
 Agora un pouco lento,  
 Máis rápido despois;  
 Describo agora un río  
 E logo hai unha ponte  
 E entón vén un suspense que interroga  
 E deita a luz do enigma en cada cousa.  
 E cómico resulta e axiña será trágico.  
 Ou pode que nun punto perdamos a memoria  
 E sexa nese instante momento de cantar  
 Cancións que se perderan.  
 Tamén de interromper a historia cun poema.  
 Ou pode que no medio da insólita aventura  
 O heroe sente a mirar as árbores dun campo  
 E haxa que esperar a ver o que pasou  
 A que ela diga exactamente

Como entón verteu no mundo a luz do acontecer.  
 E todos a soñar, netos e sobriños,  
 Mozos, raparigas,  
 Agora que chegaba no final  
 O instante dunha máxima tensión.  
 Ser sería analfabeta.  
 Mais tiña o mundo enteiro gardado na súa boca.

### VIII. Camareiro

Lembra agora cando eras  
 Camareiro nun hotel,  
 Ben mediados os setenta.  
 A primeira hora da mañá  
 Os almorzos para os cuartos,  
 Un percorrido, planta a planta, por estancias e apousentos.  
 Un sen fin de xente maldurmida e preguiceira  
 Que che daba a súa beizón e acaso unha propina.  
 O xefe dos servizos culinarios, un tipo moi afable,  
 Que cociñou algunhas tardes para ti,  
 Chamábase o poeta,  
 Non sei por que motivo.  
 El, que puña polas carnes enforradas  
 Unha pinga do sublime,  
 E sabía dos segredos da canela e a pementa;  
 El, que podía arrebatarlle a unhas verduras  
 O celme sideral da luz do campo.  
 O certo é que agardaba a que chegases  
 Para oírte falar. E ti falábaslle de Shakespeare.  
 E aquilo máis se parecía por momentos a un teatro  
 Que ao lugar infernal en que ardían,  
 A lume lento,  
 As mellores lambonadas, os máis altos harpexios  
 Que tocaron as orquestras dos fogóns,  
 En lustros numerosos, mesmo en varias décadas.  
 Algo tiñas xa daquela que te ía empurrando  
 Cara a un fondo impreciso de palabras.  
 Unha voz que te emprazaba, un impulso enlouquecido,  
 Unha especie de arrouto.  
 Lembra as palabras do xerente,  
 Serenas, compensadas,  
 O día en que propuxo que te foses:  
 O teu talento merece algo mellor.  
 Que Deus bendiga as raparigas  
 Que esqueceron namorarse de ti e do teu traxe negro  
 Mentres compracías cada un dos seus antollos  
 Nun hotel xunto á praia  
 E soaba unha música bailable  
 Baixo o palio da luz crepuscular.